

Marga do Val

TRÉVERIS, CIDADE DA PAZ ETERNA.

É certo, como di Joachim Wortmuth, que cando albiscamos a columna de María sabemos con toda seguridade que estamos en Tréveris. Ela, algo fea, é o facho que ilumina a cidade desde o Markusberg, o faro que nos dirixe as súas costas, o que esperta coas súas folerpas de luz, desde algúns quilómetros antes, as miñas hormonas e fai que lágrimas de alegría se acheguen aos meus ollos e que sinta na boca do estómago que estou chegando á casa. Unha casa que eu escollín, que fixen miña.

Antes de ser moradora da cidade non sabía máis ca vós. Tréveris era a cidade na que nacera Karl Marx. Hoxe sei que na rúa que leva o seu nome está a fermosa casa do século XVII na que naceu, convertida nun museo que explica a evolución do socialismo. Entre os nomes que se len nas táboas e esquemas que percorren as paredes sentín a falta, polo menos de un, e pedín que incluísen á Pasionaria. No centro da sala hai un busto de Marx, e fun testemuña, de como nunha mañá, un grupo de cincuenta e sete xaponeses, de un en un, se colocaban na súa beira puño pechado con dúas rosas vermellas e peito erguido, para a fotografía. Non repararon nunha folla de papel pendurada da parede onde nun xogo case infantil, a filla de Marx, facía unha rápida enquisa, como de asociación de ideas, a Engels e ao seu pai, e este último contestaba que a calidade que máis admiraba nunha muller era a resignación. Noutra casa do número 8 da Simeonstrasse, unha placa lembra que alí viviu, desde 1819 até 1835, Karl Marx, nacido o 5 de maio de 1818 en Trier. Hoxe a casa é unha óptica “Mahr Akustik” e no escaparate como ornamentación, entre as lentes, hai bustos de Marx.

Antes de ser moradora da cidade sabía, como algunhas e algúns de vós, por pertencer a unha especie en vías de extinción, que Tréveris é a cidade na que no ano 385 despois de Cristo decapitaron a Prisciliano. El invocado como mártir, como galego, continúa a ser símbolo dunha relixiosidade oculta e dunha identidade, a nosa, tamén cada vez máis oculta. Prisciliano é a palabra que todos e todas, membros desa rara especie, en extinción, pronuncian con espontaneidade e coa seguridade de que calquera interlocutor comprende. Prisciliano personaxe querido é Galiza fronte a intransixencia allea. Deambula pola *Via Láctea* dun Buñuel, que escoitou o seu nome, dos labios de Carlos Velo no exilio que os uniu en México. No seu *Ensaio histórico da cultura galega*, Otero Pedrayo pregúntase: ¿Como evocar a figura de Prisciliano?. Ao fronte da Santa

Compañía de inmortais galegos que Castelao invoca tamén desde o seu exilio na súa *Alba de Gloria*, vai Prisciliano, “Levando a súa propia caveira nunha arqueta de marfin e afincándose nun caxato que remata coa fouce dos druídas, a modo de báculo episcopal”. Ao Cura de Fruíme, como bo ortodoxo, arrepiálle a idea de que sexa galego. Murguía e Portela Valladares defenden a súa galegitude e este último, insiste no priscilianismo do pobo galego. Para Alonso Ríos o problema priscilianista é moi galego e humano. O certo é que Prisciliano e o seu martirio e morte en Tréveris son recurrentes nas esculcas de Romero Pose, López Pereira, López Silva ou Victoria Escribano. E son materia literaria en Galiza en diferentes xéneros, cando menos: nas obras teatrais *Hostia* de Cotarelo e *Prisciliano* de Daniel Cortezón, na novela *Amantia* de María Xosé Queizán, nun poema de *Estirpe* de Méndez Ferrín e na magnífica obra en verso, que conxuga teatro e música, *Prisciliano en Tréveris* de Millán Picouto (da que agardamos o remate dunha tradución que xa se está facendo ao alemán). Deste xeito sabía eu que Prisciliano unía Galiza e Tréveris, símbolo de identidade para nós, continua a ser na cidade alemana figura discutíbel e estudada nas aulas de teoloxía da universidade. Agora sei que ao pé da Porta Nigra non corre sangue galego, como lle gustaría e como sentenciou Otero Pedrayo, por que a cabeza priscilianista non se separou alí do corpo. Eu, deixándome levar polas palabras dun teólogo e tamén pola fermosura do lugar, imaxinei o sangue derramado de Prisciliano, dos galegos Felicísimo e Armenio, do poeta Latroniano e de Eucrocía no anfiteatro, amábel espazo, situado nas abas do monte de Petrisberg, onde tamén madurecen os acios do Mosela. A verdade tamén di que Tréveris está situado nese camiño relacionado coa Vía Láctea e na Basílica de San Matías, onde é venerado o corpo deste apóstolo, nunha fonte que hai na entrada lébrannos que até a tumba do apóstolo Pedro en Roma hai 980 Km e que até a de “S. Jakobus in Santiago di Compostella” hai 1395 km, por raro que pareza. Nada sabía, afastada dos fetiches católicos, que en Tréveris está a “túnica sagrada de Cristo”, fun testemuña das visitas que formaban serpes na praza de diante da catedral para vela. Esta “heilige Rock” provoca cando menos o sorriso, se pensamos na pequena estatura da persoa que a levaba posta. Sería un chiste demasiado fácil indicar que puido pertencer a Prisciliano, e así deste xeito, tería el roupa en Tréveris e corpo en Compostela. Mais non é preciso chegar a estes extremos porque a cidade ten entre os seus descubrimentos, “Inventio” no alemán eclesiástico, reliquias e corpos de santos e mártires que acougan nas súas criptas, esas partes que nos abraian despois de vermos o agardado, cando as descubrimos ocultas debaixo da Catedral, da Basílica de San Paulin ou da de San

Matías, mostra da superposición do antes e despois do románico, recunchos que logran conmoer pola proximidade coa vida de ultratumba á persoa máis allea á relixiosidade. Perto do Hauptmarkt, esta a casa vermella na que se le nunha inscrición en latín que Tréveris foi fundada mil trescentos anos antes que Roma e que continua a vivir e a gozar dunha paz eterna. Segundo a lenda foi Trebeta, fillo da raíña, Semiramis, o fundador da cidade nas beiras da Mosela (Gústame que o río se manteña feminino), así o cantou o poeta Ausonio. De todas estas cousas presúmese na cidade, que procura con ansia o seu habitante número 100.000. Mais certo é que desde o 285 despois de Cristo se converteu durante case un século na residencia preferida dos emperadores romanos. E pode ser verdade como figura na parede da casa que foi cidade antes que Roma, poboada pola tribo galo-celta dos Tréveris.

Mais a miña cidade, a que eu quero mostrarvos, constrúese no devalar das circunstancias, esas que nos trasladan e que nos ubican, sen que nos desfagamos do antes e que o levemos ao despois, unha cidade no que Aquí e Alá, van cobrar outros significados. É a cidade casa, na que se pode (re)nacer, na que me fun vestindo coas roupaxes dunha nova lingua e na que un cuarto branco baleiro se foi enchendo de vivencias e de pequenas cousas, símbolos da domesticación da cidade que ía exercendo, que deixaba de ser ignota, símbolo da miña domesticación pola cidade. Podería facervos un listado das primeiras frases e palabras que aprendín, tamén das situacións e das persoas que mas foron ensinando. Podería mostrarvos a asociación de ideas para pensar abraida na ridiculez dos xéneros gramaticais, que facían que a carne e o pan fosen neutros, mentres me perdía polas rúas que levan os seus nomes: Fleischstrasse e Brotstrasse. Nova cultura cun sol feminino e cunha lúa masculina, cunha lingua na que as persoas falantes podían inventar, eu cheguei a descubrir que Lecker “de sabor exquisito” podía referirse a algo máis que á comida, sobre todo na fala de Colonia, e souben que hai milagres, Wunder, e inventei a palabra Wunderlecker, cando aprendín que lecken era lamber.

En Tréveris descubrín a importancia da luz, a escuridade ás cinco da tarde no mes de decembro que me provocaba unha soidade inmensa sen saber que facer ás sete da tarde, onde tomar un viños antes de cear, cando xa era a hora da cea. Gocei ao espertar coas raiolas de sol que entraban pola fiestra, cunha cortina que tiña dos anos setenta, o que son as cousas, de estampado igual ao cabeceiro da cama da serie televisiva española “Cuéntame”, velaí a globalización viaxando en algo máis que nas ondas de Led Zeppelin. Gocei do rebentar da primavera verde coma nunca e do outono que espallaba

o seu dourado polas abas dos montes e nas follas da viñas. Compreendede a luz. Odiei a neve, tiven que volver aprender a andar, fixarme e ler os cartaces na beira dos camiños, nos que se avisaba de que se caía a responsabilidade era miña; afíxenme á imaxe mañanceira de ver a homes e mulleres espallando sal diante das portas, eu mesma cheguei facelo. E eu mesma cheguei desexar que chegase a neve e que ficase, polo menos uns días, por esa luminosidade, cando o sol acudía e batía no branco.

Amei con esta luz as fragas que rodean a cidade de faias e carballos, e por veces, lembrei o Incio e o Courel de Novoneyra e chorei a súa morte. Na distancia as mortes non se poden compartir. Chorei en soidade a da miña avoa, e imaxinei falando as dúas pereiras de San Xoán e unha concentración de paxaros e de gatos no seu derradeiro día en homenaxe. Foi triste a mala nova da morte de Colmeiro e procurei a imaxe do cadro da carta. O falecemento de Belen Feliu foi unha navallada.

Tamén botaba de menos algo e non sabía o que, aparentemente tiña todo, a cidade tan coidada e tan amábel, un tráfico ordenado, autobuses puntuais, flores en todas as fiestras, porque cada fiestra é un cadro, un bodegón de variadas composicións. Tiña o todo, unha casa un tanto estafalaria, cunha escaleira moi empinada pola que caín unha vez, un cuarto enorme con dúas fiestras, unha bañeira un tanto psicodélica e unha tapa de retrete que simulaba un arame espiñento. A cociña era o lugar onde se detiña o tempo entre todos os tes e infusións, co arrecendo do segredo do chocolate maia, co meu compañeiro de WG, casa compartida. Logo foi lar da estufa de leña no lugar do nacemento das composicións musicais de Volker Delwo, cando Joachim marchou. Alí pintamos un día as Cies. No faiado da casa inmenso, no que xogabamos como na infancia de Mosende había unhas grandes grampas na parede para asegurar as enormes gretas que ameazaban o derrubamento da casa. Vivía en Olewig, perto do anfiteatro e na subida á universidade, era máis aldea, se ben Tréveris é desa urbanidade onde os elementos agrícolas que caracterizan ao rural poden chegar até o pé da mesma piscina municipal ou da comisaria de policía. Hai unha perfecta simbiose entre o rural e o urbano, transítase con facilidade dun lugar ao outro. A vide entra nos xardíns e nas terrazas. Descubrín que entre toda a grandeza dos edificios espallados pola cidade, entre o equilibrio logrado ao longo de séculos e guerras, de destrucións e reconstrucións, descubrín que botaba en falta algo. Cando contemplaba as figuras algo neboentas da igrexa de Nosa Señora (Libfrauen), pegada á catedral, decateime da ausencia do granito. E, el debe servos certo que emite algunha radiación especial. Por suposto non dese granito rosa, entraña galega, espallada polo mundo en placas coma moitos de nós; este

tamén o podedes atopar no interior dalgún edificio da cidade, camuflado entre o de Sudáfrica.

A cidade é como un taboleiro cadrado, romana e medieval, moi francesa, tomada por Napoleón primeiro e logo, polos franceses do exercito aliado, que marcharon en 1999. Antes tiñan o seu cinema, a escola, restaurantes e un algo de distinción que os levou a contratar a Juliette Greco que cantou en xaneiro de 1996, como se o existencialismo francés e o 68, tivese unha boa relación co exercito. A cidade ten un centro o Hauptmarkt, onde despuntan os edificios civís hoxe tomados polo café Bley e polo MacDonald's, a torre arrogante da igrexa dos burgueses de San Gangolf contra o poder eclesiástico da torre da Catedral, "Der Dom", fóra da praza do mercado. Hai unha historia urbana que vos contará calquera guía de turismo amante de deterse no anecdótico, pero reparade nas figuras dos soldados vixilantes das paredes do café Bley. Xanon coñeceredes unha discoteca como a dos setenta con música moitas veces dos sesenta, que se chamaba "Palais", situada na Praza da Catedral, e nun soto, onde un día lin, que non se admitía a entrada de soldados franceses.

A Porta Nigra, a única que fica da época, marca os nosos pasos e lévanos cara a dentro da cidade pola Siemonstrasse, alí atopase a fermosa casa do século XIII con todas as cores medievais, é a "Casa dos tres reis". Regálovos unha imaxe desde a Mariensäule, a fea columna de María, e contemplamos o discorrer da Mosela, algún barco cargado de carbón, outros de viaxeiros que veñen polo Saar e van ate o Reno, turistas de rotas románticas. Detrás do río a cidade, e como nunha liña case recta, ollando desde a nosa esquerda ate a dereita, San Paulin, de alicerces románicos e dun triunfal barroco italiano, tan sinxela por fóra pintada de marelo, ninguén pode imaxinar a ornamentación do interior, pode en calquera momento unha moza ser lanzada no bambam de Fragonard. Logo a Porta Nigra, a catedral, san Gangolf, entre as dúas, a magna Basílica romana de Constantino, hoxe igrexa protestante, onde o gozo se funde nas tardes do mércores coa música do órgano; xa máis a dereita fóra dese taboleiro, San Matías.

Avenidas cheas de árbores tileiros que nos espertan os sentidos no mes de xuño e o río conforman ese cadrado milenario, polo que deambula o hoxe e as múltiples circunstancias de cada quen, as da muller senegalesa con tres fillos que chama por teléfono desde a cabina do mercado, a dos musicantes checos, a do cuarteto de corda ruso, as dos polacos e polacas que se ofrecían en matrimonio para ter un pasaporte europeo, a do artista que pinta os cadros máis minúsculos do mundo, a do home co

acordeón e co mono ti-ti que danza sen parar. A dos turcos, xa alemáns sen deixar de ser turcos, nados na cidade que me servían felices comida e te nos seus locais da Neustrasse e que me recordaban polo escuro das súas pestanas e a beleza dos seus ollos aos inesquecíveis de Manuel María. A de todas esas paisaxes afectivas que fun atopando en cada aperta, bicos e mans de amor e amizade, crecidas en Croacia como Jasmin ou en servia como Svenja. Circunstancias as miñas cando as palabras se ían aprendendo no leito cun dicionario, para falar do que desexabamos. Historias do pasado ocultas e/ou (re)inventadas que se espallaban polos bares que desexo nomear: No Viehmark-platz , o *Infraganti* coa súa colección de múltiples reloxos e os seus pratos e cuncas fanicados, o *Simplicisimos*, de ambiente máis estudantil, o *Greco* máis de encontros fugaces, o *Havana* tremendo tristura cando se descobre Cuba pola música comercial, no interior, unha foto do Papa dándolle a man a Fidel, todo moi de catálogo, desde as bebidas até o baile. Quero falarvos dos meus preferidos: en Trier-Süd, o *Glasnost* levado por un señor culto que aconsella filmes e libros, en todas as mesas a estrela vermella; o *Schwach und Sinn*, perto de San Maximin, tamén é restaurante, ambiente alternativo de esquerdas e verde, moi boa comida vexetariana, nada de luxos, sempre hai alguén interesante; o *Dementi*, perto da casa de Marx que pecha moi tarde de especial colorido nocturno; o *Textorium*, restaurante e café da Tufa, espacio alternativo de música e teatro, antiga fábrica de tecidos. Podería aínda engadir, *Zapotex*, *Die Krim*, zur Glocken, onde serven unha das mellores sopas de cebola, etc.. Perto da universidade na aldea de Tarforst, onde vive Norbert, mago das linguas, da diplomacia e da amizade, están tres establecementos para comer comida típica alemana, desde a Taberna, vese unha fermosa posta de sol e pódense roubar cereixas, viño, licores variados, entre eles o de mirabel e cociña caseira fixéronnos e fannos moi felices.

Mais o Mohrenkopf-café é o meu, situado na mesma montaña que Mariensäule, recollido e quente no inverno cun fermoso lugar fóra para a primavera e o verán, confortábel, con ricas tartas caseiras e cafés enormes, pódese pasr a tarde lendo, escribindo ou atopando a quen ascende o monte andando e chega canso, ou a Paula de Lemos, a miña duna portuguesa, lisboeta que lía sempre alí *O Jornal de noticias* e *O Público* e que cando marchabamos, deixabamos como esquecido *A Nosa Terra* ou algo que fixese existir as nosas linguas. No verán sempre se sofre coa ameaza das abellas amadoras do doce.

Fican na miña memoria moitas tendas da Neustrasse, onde están dúas das casas máis fermosas da cidade, unha delas ten contada con pinturas a historia do que foi desde o

século XVII. Véñenme as fontes desde a de San Pedro na praza do mercado, ate a fonte dos oficios, tamén esculturas que se perden polas rúas, e hai unha que fala desa simbiose co rural, un home vai conducindo pola rúa a un grupo de porcos, o bacoriño máis pequeno, dá volta e diríxese ao banco.

Como trasladar ao papel o balbordo de Tréveris nos sábados ou no mercado de Nadal, a calor da festa de San Pedro, os paseos pola beira do río na festa do Mosela?

Como transmitir a indignación cando ascendemos pola estrada que nos leva a Luxemburgo e topamos as caravanas, lugares de prostitución ambulante, nas que sabemos que berran en linguas descoñecidas moitas nenas do leste, que aínda non son comunitarias? Como evitar a tristura ao comprobar que co paso do tempo o noso amigo senegalés descobre que neste mundo europeo el nunca vai poder ser feliz? Como esquecer ao meu amigo Kurdo Kadir que vive entre Turquía e Alemaña e que estudia dereito internacional para ver como a súa historia é negada? Como non lembrar cada día a Mesmet, o palestino, cando me contou sen chorar que a súa irmá morrera nun atentado?

Estou no medio do parque, desde onde se poden contemplar, nun extremo, as ruínas das termas imperiais, diante delas un pequeno chafariz de auga que nos refresca no verán e, ao virarnos, o complexo arquitectónico da Kostantin-Basilika, e do barroco rosado Kurfürstliche Palais, podo camiñar descalza entre todo o verdor do céspede, ficar no sol ou buscar a sombra dos tileiros, perderme polo xardín barroco con imaxes mitolóxicas, con deseños de buxos cheos de flores que gozan de moi boa saúde, na outra beira discorre a auga e tamén hai parrulos. Mais esta tarde, quero deixarvos a derradeira imaxe dun home fermoso, espido de medio corpo para arriba, de cabelos longos, sentado na herba e con un circulo de cervexas na súa dereita, tírolle a foto, mentres penso no bolero “Mírame y sufre”, e trato de que non me vexa... Achégome e vexo que xa bebeu sete cervexas, son pouco máis das tres da tarde, dime que son sete os días da semana, e eu contéstolle que sete son os buracos da cabeza e el sorri, para dicirme que tamén son sete os pecados capitais. El debe seguir bebendo e eu continuo o meu paseo pola cidade que tamén me pertence, privilexiada galega comunitaria.

E xa sabedes se chegades a Tréveris, como todas as persoas moradoras da cidade, botade gasolina en Luxenburgo e non vos abraiedes cando vos falen en portugués.

Marga do Val.

